

Plan xeral de atención á diversidade

CEIP ADR CASTELAO

ORDES

0. ÍNDICE

1. Introducción.

2. Xustificación baseada no contexto.

3. Obxectivos.

3.1. Obxectivos xerais

3.2. Obxectivos específicos

4. Principios básicos de actuación.

5. Destinatarios.

6. Atención á diversidade nas diferentes etapas educativas.

6.1 Atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na Educación Infantil

6.2 Atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na Educación Primaria

7. Profesorado especialista para atender á diversidade.

8. Colaboración coas familias, equipo docente e servizos externos

9. Avaliación e propostas de mellora.

10. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN

Vivimos nunha sociedade na que hai persoas diferentes, ben pola súa procedencia cultural, pola súa situación social ou polas características persoais que teñen. Dende a escola debemos dar resposta a esta diversidade, polo que se fai necesario ter unha certa marxe de autonomía e goberno.

Tal e como se recolle na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, e na actual Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, a intervención educativa debe contemplar como principio fundamental a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses, motivacións e estilo cognitivo dos nenos e das nenas, xa que é moi importante nestas idades o ritmo e o proceso de maduración. Polo tanto, e tendo en conta as propostas das diferentes administracións educativas, o noso centro facilitará a coordinación entre todos os membros da comunidade educativa para favorecer a atención á diversidade, e máis concretamente a atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Faise necesario sinalar que, tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria, os mecanismos de reforzo deberán poñerse en práctica tan rápido como se detecten as dificultades na aprendizaxe. Isto farémolo tendo en conta os principios de *equidade, normalización e inclusión*.

Nesta liña e tendo como marco legislativo o D.229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia, para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poda alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa educativa de referencia, deberán establecerse medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O Concello de Ordes está situado estratexicamente a medio camiño entra A Coruña e Santiago de Compostela. A superficie é de 158 km² e a poboación é de 13.000 habitantes repartidos nas 13 parroquias que conforman o Concello: Ardemil (San Pedro), Barbeiros (Santa María), Beán (Santa María), Buscás (San Paio), Leira (Santa María), Lesta (Santo André), Mercurín (San Clemente), Ordes (Santa María), Parada (Santa Mariña), Pereira (Santaia), Poulo (San Xulián), Santa Cruz de Montaos (Santa Cruz), e Vilamaior (Santiago).

No apartado da ensinanza existen no Concello os seguintes Centros docentes:

- Instituto de Educación Secundaria “Maruxa Mallo”
- Instituto de Educación Secundaria nº1
- C.E.I.P. ADR Castelao
- C.E.I.P. Mesón do Vento
- C.E.I.P Campomaior
- C.E.I.P Merelle
- E.E.I Montaos

O C.E.I.P. A.D.R. Castelao localízase moi preto do núcleo urbano da poboación. Absorbe un gran número de alumnos e alumnas da zona urbana, así como da área rural, posuíndo servizo de comedor e transporte escolar.

As dependencias escolares están repartidas en tres edificios dentro dun mesmo recinto.

Dentro do recinto existe un pavillón polideportivo para uso das actividades de Educación Física.

Na actualidade hai 546 alumnos e alumnas matriculados, repartidos en 8 unidades de E.I. e 18 unidades de E.P., correspondendo 177 alumnos/as a Educación Infantil e 369 a Educación Primaria.

O centro está repartido en tres edificios, dous dos cales acollen ao alumnado de Infantil, o Departamento de Orientación e a aula do especialista de Al

entre outros. No edificio principal atopamos as aulas de Educación Primaria, dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, biblioteca, sala de informática e despachos de dirección entre outros.

En canto á estrutura organizativa do centro sinalar que o centro, tendo en conta o número de unidades que posúe, conta con órganos de goberno e coordinación docentes propios dun centro destas características. As funcións dos órganos unipersoais e colexiados son as sinaladas pola lexislación vixente: Decreto 374/96 e Orde do 22 de xullo do 97 de regulamento orgánico de centros de Educación Infantil e Primaria.

Dentro dos órganos de coordinación docente atopamos o Departamento de Orientación cuxas funcións están recollidas no D.120/98 que regula a orientación en Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998 que o complementa. Este Departamento ten adscritos no curso 2014/2015 o a EEI de Montaos e o CEIP de Merelle.

Sinalar que na actualidade existe un número significativo de alumnado inmigrante procedente de diferentes países: Latinoamérica, Marrocos, etc. e para o que temos deseñadas medidas de actuación concretas que máis adiante detallaremos.

3. OBXECTIVOS

Para establecer os obxectivos principais deste plan tivemos en conta por unha banda o contexto no que nos atopamos e por outra a lexislación vixente anteriormente citada.

3.1.- Obxectivos xerais

- Contribuír ó desenvolvemento da personalidade integral dos alumnos e alumnas, favorecendo a súa autoestima e autoconcepto.
- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Incorporar dos diferentes valores que aportan as culturas existentes no Centro, tendo como referencia o Proxecto Educativo (PE)

- Ofrecer ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle facilite alcanzar os obxectivos mínimos.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras Institucións e asociacións.
- Fomentar a participación do alumnado e as súas familias na vida do centro.
- Diseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.

3.2.-Obxectivos específicos.

En canto aos obxectivos específicos relacionados coa atención á diversidade que pretendemos traballar ao longo de todo o curso sinalamos os seguintes:

- Valorar as necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos/as (dificultades e/ou trastornos de aprendizaxe, baixo rendemento escolar, altas capacidades, trastornos de conduta, grupos de risco,...) e deseñar programas específicos de intervención.

- Favorecer o desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten unha adaptación ás necesidades de cada neno e nena.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.

- Colaborar cos órganos unipersoais e colexiados, así coma cos demais servizos, na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Fomentar a colaboración, o seguimento, a avaliación e a revisión dos Plans de Orientación e Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade, deseñando dentro deste programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática

favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.

- Promover actuacións destinadas ao entrenamento en técnicas de traballo intelectual, á solución pacífica dos conflitos, a adquisición de habilidades sociais e á educación para a saúde a través de diferentes programas de intervención levados a cabo pola orientadora e/ou os titores de cada curso.

- Dinamizar e crear medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes, en colaboración coa comisión de convivencia do centro (Tal e como se recolle na Lei 4/2011 e no D.8/2015 que regula a convivencia e participación das familias nos centros educativos de Galicia).

- Favorecer o desenvolvemento da Educación en Valores.

- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos/as estean en todo momento integrados no centro. Presentarase especial atención ós períodos escolares de maior dificultade (conflitos de relación interpersoal, ingreso no centro -Período de Adaptación- e cambio de ciclo e etapa educativa - Programa de Preparación para a Primaria e Programa de Preparación para a ESO).

- Participar no seguemento do Proxecto educativo (PE), tanto nos aspectos curriculares como organizativos, e nos diferentes plans e proxectos que este integra (Plan de Convivencia, Plan de Acción e Orientación Titorial, Plan de Acollida para o alumnado estranxeiro, etc.). Asesorar os mestres titores na elaboración das Programacións de Ciclo e de Aula, sobre todo nos aspectos relacionados coa atención á diversidade.

- Favorecer e promover o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

- Implicar ao profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa, potenciando a formación dos titores/as neste campo.

- Facilitar ao profesorado, recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, titoría e atención á diversidade (convivencia, atención ao alumnado estranxeiro, o uso das TIC's e a diversidade, etc)

- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, entrevistas, dípticos, etc.

- Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia (recollidas estas medidas no *Plan de Acollida* do centro) e dos profesores de nova incorporación ó centro (*Plan de Acollida para o profesorado*).

- Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade nunha sociedade intercultural, proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.

- Colaborar e demandar a colaboración do equipo de orientación específico naqueles casos nos que así se solicite ou se considere necesaria a súa intervención, así como doutras asociacións e organismos (Fundación Meniños, Menores, Servizos Sociais, Atención Temperá, Servizos Sanitarios, Servizo de Inspección Educativa...).

4.-PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN.

A planificación xeral de actividades relacionadas coa atención á diversidade estará vinculada cos seguintes principios de actuación:

- *Prevención*: reducir o índice de novos casos-problema que implica traballar antes de que aparezan os problemas para anticiparse a eles, desenvolvendo unha actuación proactiva.

- *Desenvolvemento*: conseguir o máximo desenvolvemento de tódalas potencialidades dos alumnos/as considerando ó individuo en continuo proceso de desenvolvemento persoal.

- *Universalidade*: actuación dirixida a tódolos alumnos/as, aínda que adaptada ós distintos niveis. A nosa actuación tamén vai dirixida ós diferentes membros da comunidade educativa (familias, alumnos/as, mestres e mestras...)

- *Cooperación*: articular un traballo conxunto e coordinado de tódolos axentes implicados.

- *Demanda*: Elabóranse programas de intervención na medida en que sexan sentidos como necesidades pola comunidade educativa.

5. DESTINATARIOS .

Todo o alumnado do centro é susceptible da aplicación deste plan xa que, como dixemos anteriormente, atender á diversidade é aplicar o principio de individualización da ensinanza, tendo en conta as capacidades de cada un dos nosos alumnos/as, intereses, etc. Para iso cada mestre/a debe ter preparadas actividades de ampliación e reforzo de cada unidade didáctica, coa finalidade de dar resposta a este principio. Ademais deben facer sempre unha avaliación inicial a todo o alumnado para saber cales son os seus coñecementos previos e para saber cal é a situación de partida, e a partir de aí, planificar e secuenciar a propia actuación.

Dentro desta diversidade podémosnos atopar cos nenos con necesidades específicas de apoio educativo.

- a) Alumnado con altas capacidades.
- b) Alumnado de integración tardía ó sistema educativo.
- c) Alumnado que presenta necesidades educativas especiais: neste grupo inclúense os nenos con discapacidade física, psíquica, auditiva, visual, trastornos graves da personalidade e do desenvolvemento e trastornos graves da conduta, entre outros.
- d) Alumnado con dificultades de aprendizaxe.

A LOMCE fai referencia explicitamente que lle corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, podan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NAS DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS.

Como dixemos con anterioridade, atender á diversidade é un principio fundamental para optimizar o proceso de ensino/aprendizaxe. Así, dende a lexislación vixente faise posible pois os centros e os propios docentes na súa aula, teñen a suficiente autonomía pedagóxica para concretar os mínimos establecidos polas Administracións educativas. A programación como é sabido conforma a última destas concrecións e na súa elaboración debemos acatar un modelo que esté dacordo coas peculiaridades do noso centro e máis concretamente da nosa aula (necesidades, intereses, motivacións, capacidades...). Polo tanto é o mestre o que debe acomodarse ao alumno e non ao revés.

Dende o Departamento de Orientación e en colaboración cos titores das diferentes etapas educativas deseñaremos e levaremos a cabo programas de intervención encamiñados a previr posibles dificultades ou problemas futuros, sempre tendo moi presente a diversidade do noso centro:

- Programa de Estimulación da Linguaxe Oral
- Programa de Habilidades Sociais e mellora da convivencia.
- Programa de Técnicas de Estudo.
- Programa de Educación para a saúde.
- Programas de reforzo e/ou recuperación.
- etc.

6.1 Atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na Educación Infantil

Tendo en conta todo o dito, débese atender á diversidade adecuando a nosa actuación para lograr unha educación personalizada que poida satisfacer as necesidades individuais de cada alumno para lograr un desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual, sendo esta a finalidade da E.I tal e como se indica no D.330/09 que establece o currículo da Educación Infantil na nosa Comunidade Autónoma.

Como é sabido, a *estimulación temperá* é fundamental para desenvolver as potencialidades de todos os nenos e nenas logrando así a compensación de desigualdades e a equidade na educación. Por iso, cremos que na etapa de 0 a 6 anos, é fundamental o traballo coordinado entre os diferentes membros da comunidade educativa (familias, mestres, departamento de orientación, servizos sociais, etc.), tanto para detectar posibles problemas como para favorecer o desenvolvemento integral de todo o alumnado.

En todos os centros educativos, os niveis de madurez e aprendizaxe dos alumnos son diversos. Así pois, intentaremos respectar o nivel de madurez de cada neno/a achegándoo aos contidos máis apropiados para el. Polo tanto, teremos moi presente o principio de *individualización*.

Dentro desta diversidade atopamos os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE), dos que falamos con anterioridade.

Segundo a *Orde do 27 de decembro de 2002*, que establece as condicións e criterios para a escolarización dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, como norma xeral este alumnado será escolarizado en centros educativos ordinarios, logrando así a súa integración e inclusión. Sinalar que a todos os/as alumnos/as de Educación Infantil, a principio de curso, farémoslles unha avaliación inicial, como establece a *Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a avaliación de Infantil na nosa Comunidade Autónoma*. Nesta avaliación inicial teremos en conta a información aportada polas familias e, se é o caso, por outros axentes sociais (pediatras,...). Se nesta se presenta algunha dificultade en calquera dos aspectos do seu desenvolvemento (ou se detecta en calquera outro momento da súa escolarización), levarase a cabo un Reforzo Educativo (RE). Segundo a *Orden do 6 de outubro de 1995*, pola que se regulan as adaptacións do currículo, o RE é unha medida ordinaria que afecta aos elementos non prescritivos do currículo que son: as formas e instrumentos de avaliación, a secuencia de contidos, a organización da aula, a metodoloxía e os agrupamentos dos alumnos. Se co RE non se consegue unha melloría, entón levarase a cabo, de forma excepcional, unha Adaptación Curricular Significativa (ACS) no último curso de Educación Infantil. Para levala a cabo o Departamento de Orientación, ten que

realizar previamente unha avaliación psicopedagóxica co correspondente informe (regulado na *Orde do 31 de outubro de 1996*) e no que se recolle información sobre o contorno social, escolar e familiar dos/as alumnos/as. A adaptación curricular significativa é un documento no que se leva a cabo unha modificación dos elementos prescritivos do currículo como son: os obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Tanto o RE como a ACS serán elaboradas e levadas a cabo polo titor co asesoramento do Departamento de orientación. Tamén hai que sinalar que, en caso extraordinario, e só no último curso de Educación Infantil, poderíase *flexibilizar* o período de escolarización podendo permanecer ata os 7 anos de idade nesta etapa (sempre coa autorización das familias e da inspección educativa).

No caso de alumnos/as con altas capacidades o proceso será o mesmo pero as medidas que se poden levar a cabo neste ciclo son: anticipación da escolaridade obrigatoria ou incorporación a agrupamentos flexibles (regulado todo isto na *Orde do 28 de outubro de 1996*).

Destacar que nos últimos cursos estamos a ter unha gran afluencia de alumnado estranxeiro (procedente de Brasil, Cuba, Marrocos, etc). Con estes/as alumnos/as, realízaseselles nun primeiro momento o Plan de Acollida para o alumnado estranxeiro, consistente nun conxunto de medidas educativas que o centro leva a cabo con estes alumnos e as súas familias para conseguir a súa mellor integración e adaptación, ademais dentro deste atópase un período de adaptación dentro da aula. Todo o proceso levado a cabo está acordo co establecido na *Orde do 20 de febreiro do 2004* na que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

Neste Plan de Acollida lévanse a cabo as seguintes medidas; toma de contacto co centro; información ás familias sobre cuestións de organización do centro; recollida de datos e comunicación coas familias; itinerario de escolarización; relación con outros servizos da comunidade; e suxerencias de actividades na aula para a mellor integración.

É importante sinalar que con todas estas medidas ó que se pretende é dar resposta ás necesidades e peculiaridades dos nosos nenos e nenas, favorecendo

unha ensinanza de calidade.

6.2 Atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na Educación Primaria

Tendo en conta o Decreto 105/2014 polo que se regula o currículo da Educación Primaria na nosa Comunidade Autónoma, debemos poñer á disposición dos alumnos con NEAE todos os recursos necesarios para optimizar o seu proceso de desenvolvemento nos diferentes ámbitos. Igual que na etapa de Educación Infantil, e segundo a *Orde do 27 de decembro de 2002*, que establece as condicións e criterios para a escolarización dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, como norma xeral este alumnado será escolarizado en centros educativos ordinarios. A todos os/as alumnos/as a principio de curso faremoslles unha avaliación inicial, como establece a *Orde do 23 de novembro do 2007 que regula a avaliación de Primaria na nosa Comunidade Autónoma*. Nesta avaliación inicial teremos en conta a información aportada polos titores do 2º ciclo de Educación Infantil. Se nesta se presenta algunha dificultade en calquera dos aspectos do seu desenvolvemento (ou se detecta en calquera outro momento da súa escolarización), levarase a cabo un Reforzo Educativo (RE) (segundo a *Orden do 6 de outubro de 1995*). Se co RE non se consegue unha melloría, entón levarase a cabo unha Adaptación Curricular Significativa (ACS). Tanto o RE como a ACS serán elaboradas e levadas a cabo polo titor co asesoramento do Departamento de orientación.

No caso de alumnos/as con altas capacidades o proceso será o mesmo pero as medidas poden ser: adaptación curricular de ampliación, redución do ciclo a un curso académico, anticipación da escolaridade obrigatoria ou incorporación a agrupamentos flexibles (regulado todo isto na *Orde do 28 de outubro de 1996* pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual).

Destacar que nos últimos cursos estamos a ter unha gran afluencia de alumnado estranxeiro na etapa de Educación Primaria (portugueses, brasileiros...). Con estes/as alumnos/as, tamén se lles realizará nun primeiro momento o Plan de Acolida para o

alumnado estranxeiro, e unha proba de competencia curricular para saber cal é o nivel co que acceden ó noso sistema educativo e en qué curso os podemos escolarizar xa que se estes alumnos traen un desfase curricular importante pode optarse polas seguintes medidas: reforzo educativo na aula, flexibilización de idade ou incorporación en agrupamentos flexibles (tal e como se recolle na orde do 20/2/2004).

É importante sinalar que ao rematar 3º de Educación Primaria os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación interna individualizada na que se valorará:

- A expresión e comprensión oral e escrita.
- O cálculo e resolución de problemas matemáticos.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas (RE, flexibilizacións, ACS, apoio dos especialistas de PT e/ou AL, Programas de recuperación...)

Ao finalizar 6º curso, realizarase outra avaliación individualizada a todo o alumnado, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá os criterios de avaliación e as características xerais das probas para todo o Sistema Educativo Español co fin de asegurar uns criterios e características da avaliación comúns a todo o territorio. O resultado da avaliación expresarase en niveis. O nivel obtido por cada alumno/a farase constar nun informe, que será entregado aos pais ou tutores legais e que terá carácter informativo e orientador para os centros nos que cursaran 6º de E.P. e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar.

Sinalar que tal e como se establece no currículo de EP Administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos nos que os resultados sexan inferiores aos valores que, a tal obxecto, estableceran.

Xa no último curso da Educación Primaria os alumnos (unha vez esgotadas outras mediadas ao longo da súa escolarización) poderán flexibilizar, podendo permanecer hasta os 15 anos de idade nesta etapa (sempre con algunha medida curricular asociada, e coa autorización das familias, da inspección e da Xefatura Territorial).

Sinalar que tanto na etapa de Educación Infantil como na etapa de Educación Primaria existe a posibilidade de escolarización combinada dos alumnos con necesidades educativas especiais (combinada entre o centro ordinario e centros de educación especial). Esta medida extraordinaria precisará dun dictame de escolarización, opinión das familias e autorización da Xefatura Territorial. Solo se levará a cabo no caso de que outras medidas non sexan eficaces.

7. PROFESORADO ESPECIALISTA PARA ATENDER Á DIVERSIDADE.

No centro contamos con dous especialistas de Pedagogía Terapéutica, unha especialista de audición e linguaxe, unha orientadora e unha cuidadora para atender a un neno con un problema motorico escolarizado en Educación Primaria e a un neno con retraso madurativo escolarizado en Educación Infantil e que está en valoración neurolóxica.

As funcións do xefe de departamento veñen recollidas no D.120/98 polo que se regula a orientación en Galicia e a O.24/06/98 que o complementa e podemos resumilas nunha función xeral que é: Asesorar e orientar ós diferentes membros da comunidade educativa.

Sinalar que, na medida do posible, e atendendo ás peculiaridades de cada alumno e alumna, a atención individualizada por parte da especialista de PT farase na aula ordinaria.

Tamén é necesario sinalar que, tendo en conta a orde do 17 de xullo do 2007 polo que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por “función titorial e outras funcións docentes” e tendo en conta o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade nos centros educativos Galegos, os mestres e mestras do centro que non teñan o horario lectivo completo poderán realizar actividades de reforzo educativo co alumnado do centro, na medida que estableza a xefatura de estudos.

8. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS, EQUIPO DOCENTE E SERVIZOS EXTERNOS

Tal e como se establece no Plan de Orientación e Acción Titorial, a familia debe ser considerada como un axente educativo de primeira orde xa que comparten coa escola un obxectivo fundamental que é a educación dos nenos. Por iso é importante a colaboración e participación da familia no contexto escolar. Esta relación establecémosla de diferentes xeitos: unificando criterios con respecto a hábitos, actitudes ou comportamentos, reforzando actividades que fomenten a autonomía; intercambiando información sobre o neno ou nena a través dos contactos informais, nas reunións colectivas de principios de curso, nas entrevistas, cuestionarios... Os pais e nais poderán *participar no Goberno do centro* a través do Consello Escolar, da Comisión de Convivencia –que conta con representación de pais/nais de alumnos/as-, da Comisión económica,... poderán igualmente formar parte da *ANPA*. A implicación familiar na escola é unha cuestión ineludible en todo Proxecto Educativo, (ao respecto, a LOE e a LOMCE fan fincapé na importancia e relevancia da implicación e colaboración coas familias) por iso é preciso comprometerse e implicar ás familias en dito proxecto, xa que todos aprendemos de todos.

Ademais, a actual lexislación educativa potencia o traballo grupal docente en estruturas de diversos tipos: equipos de ciclo/nivel, de normalización e dinamización lingüística, de actividades complementarias e extraescolares... polas vantaxes que presenta: mellora da comunicación, do proceso de toma de decisións, a cooperación, aproveitamento dos recursos,... Desde este punto de vista, a titoría cobra unha especial relevancia, entendida como unha actividade cooperativa, máis que unha actividade individual, cuxo éxito depende da implicación dos diferentes axentes educativos. É importante unha acción titorial coordinada, coherente e responsable na que todo o equipo docente se sinta comprometido. As accións individuais poden ser boas, pero perden eficacia se non existe unha coordinación axeitada.

Pero non solo é importante a coordinación interna do centro e coas familias senón tamén a coordinación externa con outros organismos e asociacións que axudan a atender á diversidade do noso alumnado (Fundación Meniños, Servizo de Menores,

Servizos Sociais, Atención Temperá, Servizos Sanitarios, Servizo de Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, ASPANAES, BATA, Garda Civil...).

9. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

Como xa sabemos a avaliación de todas as nosas actuacións debe ser continua, podendo modificar a súa estrutura en base ás necesidades que podan xurdir no centro. Por iso, pretendemos que este plan sexa aberto e flexible, adaptado á realidade e en proceso continuo de mellora. Non debemos de esquecer que a avaliación é un instrumento prioritario á hora de detectar posibles dificultades e reconducir a práctica educativa.

Os ítems de avaliación que empregaremos para avaliar este plan son os seguintes:

1. Os obxectivos son coherentes coa realidade do centro.
2. Os recursos materiais e humanos son suficientes.
3. O grado de implicación dos axentes involucrados é boa.
4. Os plans e programas de prevención e intervención son axeitados ás necesidades do centro.
5. A participación das familias é estreita e colaborativa.
6. A colaboración cos axentes externos ao centro é satisfactoria.

Este Plan será avaliado cada curso académico e elaborárase unha memoria final do mesmo que se incluírá na Memoria final do Departamento de Orientación. Tendo en conta os resultados desta avaliación poñeranse en marcha os mecanismos de modificación ou mellora, se fosen necesarios.

Este Plan foi elaborado polo DO do centro coas achegas da CCP e aprobado polo equipo directivo a día de do 2015. Ademais foi presentado ao Consello Escolar e avaliado polo mesmo o día....., de.....do 2015

10. ANEXOS.

- Procedemento de derivación para a avaliación psicopedagóxica
- Solicitud de autorización das familias para levar a avaliación psicopedagóxica e/ou medidas ordinarias e/ou extraordinarias co seu fillo ou filla.
- Solicitud de flexibilización de idade.
- Información sobre a elaboración de ACS.
- Opinión das familias respecto ao dictame de escolarización.